



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral

REGISTRO XERAL da Xunta de Galicia - P1
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA

05 NOV. 2010

NÚMERO
33645 SAÍDA



XACOBEO 2010
Galicia

Para o seu coñecemento remítolle publicación no DOG da Orde de 18 de outubro de 2010 pola que se declara de utilidade pública a Asociación Galega de Hemofilia.

De conformidade co establecido no *art. 5 do Real Decreto 1740/2003, de 19 de decembro, sobre procedementos relativos a asociacións de utilidade pública, e disposición adicional única*, esta asociación queda obrigada a presentar ante o Registro central de asociacións da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, as contas anuais e memoria descriptiva das actividades realizadas, dos exercicios económicos seguintes a data de declaración de utilidade pública, no prazo de 6 meses seguintes á finalización dos ditos exercicios.

Infórmolle así mesmo que para os efectos de acollerse ao réxime fiscal especial da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado (B.O.E. de 24 de decembro) deberá cumplir os requisitos enumerados no seu artigo 3. Cabe destacar que entre eles, encóntrase o de destinar a totalidade do seu patrimonio, en caso de disolución, a algunas das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenado aos efectos desta Lei 49/2002 ou entidades públicas de natureza no fundacional que persigan fins de interese xeral circunstancia que debe estar expresamente contemplada nos estatutos da entidade.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2010

A xefa do servizo de Rregistro e Asesoramento de
Entidades Corporativas e de Dereito Privado



María Amadora Rodríguez Carreira

Presidenta da Asociación Galega de Hemofilia
C/ Barrie de la Maza, 18-20
15401 Ferrol (A Coruña)

xerencias de xestión integrada continuarán a ser exercidas polos directores/as xerentes de atención especializada ou de atención primaria.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Desenvolvemento.

Facúltase a xerente do Servizo Galego de Saúde para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2010.

Maria del Pilar Fajas Abadía
Conselleira de Sanidade

II. AUTORIDADES E PERSONAL

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 26 de outubro de 2010 pola que se substitúen dous membros do Consello Galego de Consumidores e Usuarios.

De acordo coa proposta efectuada pola presidenta do Instituto Galego de Consumo, e en virtude do establecido no artigo 7.2º, en relación co artigo 5.2º do Decreto 127/1998, do 23 de abril, polo que se crea o Consello Galego de Consumidores e Usuarios,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Substituír como membro titular do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, de acordo co establecido no artigo 7.1º e) do Decreto 127/1998, do 23 de abril, polo que se crea o Consello Galego de Consumidores e Usuarios, a Mª Isabel Garrido Blanco por Mª Josefa García Hermida, da Federación Galega de Euroconsumo.

Artigo 2º.-Substituír como membro suplente do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, de acordo co establecido no artigo 7.1º e) do Decreto 127/1998, do 23 de abril, polo que se crea o Consello Galego de Consumidores e Usuarios, a Ana Isabel García Rodiño por Mª José Abelenda Rodríguez, da Federación Galega de Euroconsumo.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 28 de outubro de 2010 pola que se nomea a Manuel Fernández Jauregui xerente da Universidade de Vigo.

Realizados os trámites e recibidos os informes requeridos polos estatutos da Universidade de Vigo e no uso das competencias que me recoñecen os artigos 20 e 23 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades,

Esta reitoría resolveu nomear a Manuel Fernández Jauregui para o cargo de xerente da Universidade de Vigo con efectos do 1 de novembro de 2010, percibindo polo exercicio deste cargo as retribucións así consignadas no orzamento de gastos desta universidade.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán os interesados interpor recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Non obstante, poderán optar por interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contados desde o día seguinte ao da publicación; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa ou por silencio administrativo do recurso de reposición.

Vigo, 28 de outubro de 2010.

Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor da Universidade de Vigo

III. OUTRAS DISPOSICIONES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 18 de outubro de 2010 pola que se declaran de utilidade pública diversas asociacións inscritas nos rexistros de asociacións desta comunidade autónoma.

Por iniciativa das correspondentes asociacións poderán ser declaradas de utilidade pública aquelas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 32 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións.

Os expedientes foron instruídos de conformidade co previsto no Real decreto 1740/2003, do 19 de decembro, sobre procedementos relativos a asocia-

cións de utilidade pública, e neles consta a documentación e os informes previstos na citada norma.

O Decreto 157/2008, do 10 de xullo, sobre asunción de funcións da Administración do Estado traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o Real decreto 1080/2008, do 30 de xuño, en materia de declaración de utilidade pública de asociacións, asigna estas funcións á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establecendo que será competente para resolver o procedemento de declaración de utilidade pública a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, logo da instrución do procedemento polo órgano correspondente.

De conformidade cos informes favorables de declaración de utilidade pública, emitidos polos intitutores dos expedientes,

RESOLVO:

Primeiro.-Declarar de utilidade pública as seguintes asociacións inscritas no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia:

Denominación: *Asociación Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños* (Cemma).

Nº de rexistro: 2004/7644-1^a.

Denominación: *Asociación Galega de Hemofilia*.

Nº de rexistro: 2003/6348-1^a

Segundo.-Declarar de utilidade pública a seguinte asociación inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de Lugo

Denominación: *Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Monforte* (Afamon).

Nº de rexistro: 2001/2425-1^a.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, podendo interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Resolución do 28 de outubro de 2010, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se modifican as bases contidas na Resolución do 19 de xullo de 2010, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, ás entidades deportivas sen ánimo de lucro, para a adquisición de equipamentos deportivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

A resolución da Secretaría Xeral para o Deporte do 19 de xullo de 2010, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, ás entidades deportivas sen ánimo de lucro, para a adquisición de equipamentos deportivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (DOG nº 145, do 30 de xullo), dispón no seu artigo 16.1º o prazo para xustificar, por parte dos beneficiarios, a realización das accións subvencionadas.

Debido a que a dilatación no tempo da tramitación do procedemento imposibilitou a publicación da resolución de concesión das subvencións no prazo establecido para iso, é necesario modificar as bases reguladoras, no seu artigo 16.1º, no que respecta aos prazos de xustificación da acción subvencionada, facendo posible así con este cambio que aos solicitantes das subvencións aos que finalmente lles sexa concedida desfruten dun prazo de tempo suficiente para a súa xustificación.

Na súa virtude, esta secretaría xeral

RESOLVE:

Modificar as bases reguladoras e redactar o artigo 16.1º da resolución da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se modifican as bases contidas na Resolución do 19 de xullo de 2010, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva, ás entidades deportivas sen ánimo de lucro, para a adquisición de equipamentos deportivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2010, do seguinte xeito:

Os beneficiarios das axudas deberán xustificar a realización das accións subvencionadas nun prazo de 20 días hábiles contados a partir da publicación da resolución de concesión da subvención. O incumprimento do prazo de xustificación poderá dar lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e posibilitará a reasignación de tales créditos nos termos previstos no derradeiro parágrafo do artigo 2º destas bases.

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2010.

José Ramón Lete Lasa
Secretario xeral para o Deporte